



V Encontro Cidade da Coruña «As Artes e a Literatura»

- Este mércores 18 terá lugar a segunda das mesas redondas.
- Coa colaboración da Real Academia Galega e da Concellaría de Cultura do Concello da Coruña

(A Coruña, 16 de abril de 2012) A Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega (AELG) anuncia que o vindeiro mércores 18 de abril ás 20.00 no Salón de Actos da Real Academia Galega, terá lugar a segunda das mesas redondas do V Encontro Cidade da Coruña que, coa presentación da escritora Antía Otero e con título “A literatura e o cinema” contará coa participación dos relatores o director de cine e guionista Carlos Amil e da escritora e cineasta Margarita Ledo.

A seguir, o programa do Encontro:

V ENCONTRO CIDADE DA CORUÑA
«AS ARTES E A LITERATURA»
Ciclo de mesas redondas
Salón de actos Real Academia Galega
Rúa Tabernas, 11

Mesa inaugural

Mércores, 11 de abril “A arte e a literatura”

- Miguelanxo Prado
- Xavier Seoane

Mércores, 18 de abril ás 20:00h: “A literatura e o cinema”

- Carlos Amil
- Margarita Ledo

Mércores, 25 de abril ás 20:00h: “A literatura e a música”

- Paulino Pereiro
- Margarita Viso Soto



No desenvolvemento creativo de toda cultura sempre estiveron presentes as más diversas formas de colaboración entre a artes e a literatura.

É intención desde a Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega (AELG) facer unha aproximación a esta relación que, da man da literatura galega, as artes plásticas o cinema, a música, tiveron e teñen na cultura galega dentro dun mesmo contexto sociocultural como resposta a unha mesma realidade nun mesmo período temporal.

Ao longo de tres mesas redondas, compartidas por escritores, cineastas, deseñadores e compositores, falaremos da súa relación, das formas de comunicación ou de influencia entre elas e dos froitos que finalmente resultan destas formas de colaboración ou de tan só ter compartido un mesmo tempo histórico.

Saúdos.

Gabinete de comunicación da AELG

699 115 469 / 696 581 971

Correo-e: prensa@aelg.org